

NADAL CON SENTIDIÑO - bases

A natureza en papiroflexia

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela organiza o Concurso de Animais e plantas con papiroflexia.

BASES

Primeira. – Trátase de realizar una obra en papiroflexia de animais e plantas, reais ou imaxinarios para colocar na árbore de Nadal.

No caso dos concursantes na modalidade individual, os participantes presentarán unha obra orixinal de forma individual xunto co nome proposto para ela. Cada concursante so poderá presentar como máximo dúas obras que serán valoradas de xeito individual. O tamaño será libre, en calquera caso, non superior a 20 x 20 cm

No caso dos participantes na modalidade colectiva, presentarán unha obra orixinal dunha recreación dunha escena natural (por exemplo: fondo mariño, selva, sabana, fraga...) realizada conxuntamente polo alumnado da aula ou do colectivo de que se trate. O colectivo entregará o conxunto que terá un lema ou nome proposto para a súa descrición. O tamaño será libre pero non superior a unha cartulina grande.

2º. Participantes

Modalidade colectiva: aulas escolares, asociacións, grupos...

Modalidade individual: poderán participar cantas persoas o desexen.

Aceptaranse dous traballos por participante individual, pero só se poderá levar un premio por persoa.

3º. A técnica será papiroflexia.

Premiarase a orixinalidade, presentación e calidade.

4º. Premios individuais

- a. Categoría cativos: ata 8 anos de idade
- b. Categoría mocidade: de 9 a 14 anos
- c. Categoría xeral: maiores de 15 anos

Establécense os seguintes premios:

Dous premios por categoría.

Os premiados recibirán un diploma e agasallos consistentes en xogos e libros.

5º. Premios colectivos

Primeiro premio: o premio consistirá nun diploma e un agasallo colectivo para a entidade participante

Segundo premio: o premio consistirá nun diploma e unha invitación a percorrer e coñecer o MHN nunha visita guiada a cargo do conservador do Museo ou a participación nun obradoiro

6º. Exposición e Fallo

Prazo de recepción: os traballos deberán presentarse no MUSEO DE HISTORIA NATURAL antes do día 12 de decembro, ben directamente ou ben ao través de correo postal ou mensaxería.

Fallo e entrega de agasallos: establécese o día 16 de decembro como data de fallo do xurado e entrega de premios ás 18:00 h.

A decisión do xurado será inapelable e este será o órgano competente para resolver calquera incidencia u observación que poida formularse.

As obras quedarán expostas durante o período do nadal podendo ser retiradas polos seus creadores a partires do 8 de xaneiro de 2026 ata fins dese mesmo mes.

De non retirarse na data indicada pasará a ser propiedade da AAMHN.

7º. Disposicións xerais:

Os obxectos que concursen presentaranse no MHN xunto cos seguintes datas:

1-Nome da obra

2. Nome, apelidos e teléfono de contacto

3- Idade do concursante

Nota: os datos non serán utilizados para ningún fin alleo a este concurso.

A participación no concurso implica o coñecemento e aceptación destas bases. O xurado queda facultado para resolver os casos non previstos na mesma, así como declarar deserto algún dos premios.

Os traballos deberán presentarse no Museo de Historia Natural USC (Parque Vista Alegre s/n Santiago de Compostela) antes do día 12 de decembro do 2025.

Máis información <https://www.usc.gal/museohn>

Grazas por participar!